

Remóntome ó ano 1997, entraba no instituto por 1º ano, e como op-tativa tiña a asignatura de TECNOLOXÍA, o mestre era Francisco Prego, unha persoa moi sociable, simpática e con bo sentido do humor; cada día que pasaba e tocaba Tecnoloxía, todos nos aledabamos, pois EL sempre tiña algunha anécdota ou algo que nos fixe-ra rir e estar más amables nese día; así pasou un ano, chegou outro, e o noso mestre seguía aí, da mesma maneira, pero, cando o curso xa estaba más que avanzado, o profesor non se encontraba nada ben; daquela foi cando botou moito tempo sen vir ó instituto e a nós xa nos tardaba e comezamos a preguntar:

¿e Paco?; ¿como está Paquito?


este era o nome que todos empregabamos para chamalo, pero o tempo seguía pasando e ese nome non se perdía da nosa boca, che-gou outro ano, e xa non veu, seguía mal, moi mal, e nós, aínda que xa non sería o noso mestre seguiamos querendo saber delpero o com-pañeiro que el levaba dentro, (*así lle poderíamos chamar a esa en-fermidade que tanto tempo estivo con el*) quería separarnos cada vez más do seu lado, e na madrugada do 1 de Marzo do 2000 gañounos a partida e separouno de nós para sempre, pois o noso querido Paco morreu dun cancro ó pulmón; nós, os alumnos recibimos a noticia o día 2 de Marzo do 2000, e a maioría de nós quedamos sorprendidos, xa que aínda tiñamos esperanzas de gañar a partida. A dirección do instituto tivo a delicadeza de darnos a noticia e infor-marnos de que ó día seguinte (3-04-2000) sairía un bus dende o instituto para quen quixera ir ó funeral de Paco en Magalofes.

O día 3 de Marzo do 2000, algúns de nós, estabamos á porta do insti-tuto para poder irnos e darrle a última despedida a Paquiño.

Aínda que perdemos a partida sempre nos quedará o seu recordo, aínda que non sexa nas flores, si na nosa mente.

María Garrote 1º A





Bojan

¡ATA SEMPRE PACO !